



CONCELLO DE SOBRADO

BANDO

LIMPEZA DE FINCAS

M^a JESÚS GARCÍA SOUTO, ALCALDESA-PRESIDENTA DO
CONCELLO DE SOBRADO (A CORUÑA),

Infórmase a todos os veciños/as do Concello de Sobrado, que é un **deber** dos propietarios/as de terreos, manter un adecuado estado de limpeza dos mesmos.

Así, o artigo 21.1 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, obriga aos propietarios dos terreos a xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros ao redor de calquera núcleo poboacional, edificación, urbanización, depósito de lixo, campings, instalacións recreativas, obras, parques e instalacións industriais.

Asemade, infórmase que os titulares das fincas deberán de dar cumprimento ao artigo 22.1 da citada lei, no que se establece que **se deberá proceder á execución da xestión de biomasa no ámbito das redes secundarias antes do 30 de xuño de cada ano**, e conforme aos criterios establecidos por orde da consellería competente en materia forestal, sen prexuízo de que de non ser así, esta administración actúe, incoando o correspondente expediente sancionador.

Sobrado, a 24 de maio de 2017

A alcaldesa,

M^a Jesús García Souto

